

Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento 1995-2020

RESUMO EXECUTIVO

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

Edita

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey
Profesor Emérito

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial

Colaboración

Antonio Pino García
Director da Eido (Escola Internacional de Doutoramento da UVigo)

Joaquín Collazo Rodríguez
Director da Área de Calidade

José Luis Gómez Reboiro
Xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

Marcos Arias Acuña
Subdirector da Eido

José Miguel Dorribo Rivera
Técnico superior de Calidade – Área de Calidade

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende
Edificio Fundación
36310 Vigo
Tlf: 986 812 192
Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.es
Páxina Web: <http://observatorio.uvigo.gal/>

*Este documento é propiedade do Consello Social da UVigo.
Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu título e ao Consello Social como editora.*

Índice

INTRODUCCIÓN	3
OBXECTIVOS	4
1. Obxectivo principal	4
2. Obxectivos específicos	4
DATOS TÉCNICOS	5
RESULTADOS	6
1. INFORMACIÓN SOCIO-DEMOGRÁFICA	6
1.1 Xénero	6
1.2 Lugar de residencia	6
2. INFORMACIÓN ACADÉMICA	7
2.1. Rama de coñecemento	7
2.1.1 Rama de coñecemento segundo o xénero.....	7
2.1.2 Programa de doutoramento segundo o xénero	7
2.2. Regulación dos estudos de doutoramento	7
2.2.1 Regulación dos estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento	8
2.3 Universidade de procedencia.....	8
2.3.1 Localización da universidade de procedencia.....	8
2.3.2 Universidade de procedencia segundo o programa de doutoramento.....	9
2.4 Itinerario académico	9
2.4.1 Itinerarios académicos das persoas tituladas en doutoramento procedentes da UVigo	9
2.4.2 Itinerarios académicos das persoas tituladas en doutoramento procedentes doutras universidades	9
3. SITUACIÓN DO MERCADO DE TRABAJO	10
3.1 Situación do mercado de traballo a nivel global e por xénero.....	10
3.2 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia	10
3.3 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento	10
3.4 Situación do mercado de traballo segundo a promoción académica	11
3.4.1 Evolución quinquenal	11
3.4.2 Evolución anual	11
3.5 Situación do mercado de traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	11
3.6 Situación do mercado de traballo segundo o programa de doutoramento	11
4. CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO	12
4.1 Lugar do traballo	12
4.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento	12
4.1.2 Lugar do traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	13

4.1.3 Lugar do traballo segundo o programa de doutoramento na UVigo.....	13
4.2 Modalidade de contratación.....	13
4.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo.....	13
4.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento	14
4.2.3 Modalidade de contratación segundo a regulación dos estudos de doutoramento.	14
4.2.4 Modalidade de contratación segundo o programa de doutoramento	14
4.3 Rama de actividade	15
4.3.1 Rama de actividade segundo o lugar do traballo.....	15
4.3.2 Rama de actividade segundo a rama de coñecemento	15
4.3.3 Rama de actividade segundo a regulación dos estudos de doutoramento	16
4.3.4 Rama de actividade segundo o programa de doutoramento	16
4.4. Categoría profesional.....	16
4.4.1 Categoría profesional segundo o lugar do traballo.....	16
4.4.2 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento	17
4.4.3 Categoría profesional segundo a regulación dos estudos de doutoramento.....	17
4.4.4 Categoría profesional segundo o programa de doutoramento	18
5. VALORACIÓN DO EMPREGO.....	19
5.1 Relación entre o traballo e os estudos realizados na UVigo	19
5.1.1 Relación entre o traballo e os estudos segundo a rama de coñecemento.....	19
5.1.2 Relación entre o traballo e os estudos segundo a regulación dos estudos de doutoramento	19
5.1.3 Relación entre o traballo e os estudos segundo o programa de doutoramento.....	20
5.2 Relación entre as exixencias do emprego e o nivel académico adquirido na UVigo	20
5.2.1 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento.....	20
5.2.2 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	20
5.2.3 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo o programa de doutoramento	21
BIBLIOGRAFÍA	22
ANEXOS	23
Anexo 1: Distribución dos programas de doutoramento por rama de coñecemento	24
Anexo 2: Índice de cadros e figuras	27

INTRODUCCIÓN

A realización do “*Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento (1995-2020)*”, pioneiro no SUG, prodúcese ao abrigo do acordo do Pleno do Consello Social da UVigo de 2/2/2022 para dar resposta á petición, datada a 2/11/2021, do director da Escola Internacional de Doutoramento da UVigo (Eido), D. Antonio Pino García, e do Director da Área de Calidade da UVigo, D. Joaquín Collazo Rodríguez, para a elaboración, por parte do Observatorio de Persoas Tituladas, dun estudo sobre a empregabilidade dos doutorados/as da UVigo desde a creación da universidade até o curso 2019/2020.

Até o momento actual a UVigo carecía dun sistema de medición da inserción laboral que achegase os indicadores necesarios para coñecer a situación laboral dos doutorados/as. Co fin de resolver esta carencia, a partir do ano 2020 a Eido/Calidade solicitou a colaboración do Observatorio de Persoas Tituladas do Consello Social para recoller datos sobre a situación laboral e a satisfacción dos doutores/as, unha vez que completaron os estudos na UVigo, a fin de que poida ser trasladada á Eido e inserida nos seus programas de calidade.

Se ben que se propuxo someter a explotación da Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio inicialmente existente, posteriormente a mostra incrementouse grazas á colaboración do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, consistente en solicitar o rexistro das persoas tituladas en doutoramento consoante o RD 99/2011 en requirimentos lanzados consecutivamente en xullo de 2021, febreiro e marzo do ano 2022.

Este Resumo Executivo presenta os resultados máis destacados da explotación da base de datos ampliada de persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento en materia de empregabilidade e inserción laboral. Por isto, o presente estudo analiza a situación laboral do titulado/a unha vez realizado o título de doutoramento, non abordando a valoración da satisfacción coa formación recibida no título realizado.

OBXECTIVOS

1. Obxectivo principal

Determinación de indicadores de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento da UVigo desde 1995 até o ano 2020.

2. Obxectivos específicos

- Perfil académico das persoas tituladas en doutoramento: tipoloxía da(s) titulación(s) realizada(s) na UVigo antes de obter o título de doutoramento que permita coñecer un itinerario académico, universidades de procedencia para o caso de antigos estudantes que realizaron estudos de primeiro e segundo ciclo noutras universidades, ben como as titulacións realizadas noutras universidades, rama de coñecemento e programa oficial de doutoramento.
- Situación socio-laboral: Calcular as taxas de ocupación, de desemprego, de inactividade (xubilados/pensionistas ou con invalidez, baixa/excedencia profesional, estudan e/ou preparan oposicións a tempo completo...).
- Características do emprego: Coñecer variábeis específicas do posto de traballo dos doutorados/as como o lugar do traballo, a modalidade de contratación, a rama de actividade e a categoría profesional.
- Localización: Confeccionar os mapas da distribución xeográfica das persoas tituladas en doutoramento en función do lugar de residencia e de traballo.
- Valoración do emprego: Determinar a adecuación temática entre o emprego e os estudos realizados e a relación existente entre as exixencias profesionais do posto de traballo e o nivel académico adquirido na UVigo.
- Analizar todos estes datos en función de variábeis como o xénero, ramas de coñecemento, promoción académica, regulación dos estudos de doutoramento, lugar de residencia ou traballo e programa oficial de doutoramento realizado.

DATOS TÉCNICOS

A poboación obxecto de estudo está constituída por 2843 persoas tituladas en estudos de doutoramento na UVigo e obtiveron o título de Doutor/a entre os anos 1990 e 2020, abrangendo, portanto, as persoas tituladas que completaron estudos de terceiro ciclo nos trinta primeiros anos desta institución pública do ensino superior.

A mostra avaliada foi de 505 suxeitos rexistrados na Base de Datos do Observatorio no período 1995-2020. A marxe de erro máxima asociada á mostra obtida é de $\pm 3,955\%$ para un nivel de confianza de 95% ($p=q$).

Para a consecución de dita mostra, alén das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento inicialmente rexistradas na Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio (418), a colaboración do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrado permitiu contar coa información sobre a situación laboral dunha notábel cantidade de doutores/as titulados da UVigo até atinxir os 505 suxeitos.

Os seguintes cadros mostran diferentes datos en termos absolutos e relativos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida, ben como a súa evolución temporal.

Cadro 1. Tamaño da poboación e mostra avaliada (números absolutos)

	Poboación	Mostra
1991-1994	36	0
1995-2000	273	26
2000-2005	393	72
2006-2010	522	68
2011-2015	815	155
2016-2020	804	184

Cadro 2. Tamaño da poboación e mostra avaliada (porcentaxes)

	Poboación	Mostra
1991-1994	1,3	0,0
1995-2000	9,6	5,1
2000-2005	13,8	14,3
2006-2010	18,4	13,5
2011-2015	28,7	30,7
2016-2020	28,3	36,4

A mostra avaliada está formada por persoas doutoradas da UVigo en 134 programas oficiais de doutoramento ao longo do período avaliado de vinte e cinco anos. A seguinte ligazón mostra a distribución da mostra avaliada segundo os programas oficiais de doutoramento [[Visualizar datos](#)]. No Anexo 1 deste documento pódense consultar os programas de doutoramento correspondentes a cada unha das ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Tecnolóxica e Xurídico-Social.

No que toca á metodoloxía, a diferenza doutros estudos do Observatorio de Persoas Tituladas, para o obxecto deste estudo non foi aplicada ningunha enquisa *ad hoc*, senón que se procedeu a extraer a información sobre empregabilidade e inserción laboral das persoas tituladas con estudos de doutoramento obtidos na UVigo existentes na nosa Base de Datos.

RESULTADOS

Esta parte presenta os principais resultados da explotación da Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio que realizaron estudos de doutoramento na UVigo entre 1995 e 2020.


1. INFORMACIÓN SOCIO-DEMOGRÁFICA

Este apartado mostra os principais resultados sobre o xénero e lugar de residencia das persoas tituladas en estudos de doutoramento entre 1995 e 2020.

1.1 Xénero

A maioría de persoas tituladas en doutoramento da UVigo rexistradas na Base de Datos do Observatorio entre 1995 e 2020 son mulleres (56,4%) contra un 43,6% de homes.


Figura 1. Xénero das persoas tituladas en estudos de doutoramento



1.2 Lugar de residencia

A maioría de doutorados/as da UVigo entre 1995 e 2020 residen en Galicia (69,4%), duplicando a proporción dos que o fan no estranxeiro (20,5%) a outras comunidades autónomas (10,1%).

Figura 2. Lugar de residencia




- > Lugar de residencia en Galicia por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia en Galicia por concellos [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia no resto do mundo por países [[Visualizar datos](#)]

2. INFORMACIÓN ACADÉMICA

2.1. Rama de coñecemento

Predominan os titulados/as da rama Científica (42,8%), seguidos pola Tecnolóxica (22,8%) e Xurídico-Social (22,6%) contra Artes e Humanidades (10,3%) e Ciencias da Saúde (1,6%).


Figura 3. Rama de coñecemento



2.1.1 Rama de coñecemento segundo o xénero

Existe sobrerrepresentación feminina nas ramas de Artes e Humanidades (71,2%), Científica (65,7%) e Ciencias da Saúde (62,5%) e masculina na Tecnolóxica (67,0%).

Figura 4. Rama de coñecemento segundo o xénero




2.1.2 Programa de doutoramento segundo o xénero [\[Visualizar datos\]](#)

2.2. Regulación dos estudos de doutoramento¹

Predominan os estudos segundo o RD 778/1998 (39,0%), seguidos pola norma actualmente vixente (28,1%), o RD 1393/2007 (23,4%) e, en menor proporción, o RD 185/1985 (9,5%).

Figura 5. Normativa de referencia




¹ Durante o período avaliado (1995-2020) os estudos de doutoramento estiveron regulados por varias normativas de referencia: Real Decreto 185/1985, Real Decreto 778/1998, Real Decreto 1393/2007 e o actualmente vixente, o Real Decreto 99/2011.

2.2.1 Regulación dos estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento

A rama Científica é máis frecuente en todas as regulacións avaliadas. No cadro da normativa vixente os estudos da rama Xurídico-Social (28,2%) e de Artes e Humanidades (12,7%) atinxen o máximo da serie histórica contra o mínimo da Tecnolóxica (20,4%) e Científica (37,3%).


Figura 6. Rama de coñecemento segundo a regulación dos estudos de doutoramento



2.3 Universidade de procedencia

O 89,1% da mostra avaliada realizou, de forma total ou parcial², a súa formación de pre-doutoramento na UVigo contra o 10,9% que a fixo de forma total noutra(s) universidade(s)


Figura 7. Universidade de procedencia



2.3.1 Localización da universidade de procedencia

A maioría de doutorados/as con formación previa total noutra(s) universidade(s) estudou en universidades estranxeiras (56,4%), destacando outras universidades españolas (47,2%) entre os que se formaron parcialmente na UVigo.

Figura 8. Localización da universidade de procedencia



² 79,1% de forma total contra 20,9% de forma parcial.

2.3.2 Universidade de procedencia segundo o programa de doutoramento [[Visualizar datos](#)]

2.4 Itinerario académico

É a secuencia de titulacións realizadas³ tanto na UVigo como noutras universidades que configuran o perfil académico de ingreso nos estudos de doutoramento da UVigo.

2.4.1 Itinerarios académicos das persoas tituladas en doutoramento procedentes da UVigo [[Visualizar datos](#)]

Foron identificados 66 itinerarios académicos distintos, destacando a realización dunha única licenciatura na UVigo (28,5%), seguido por unha licenciatura e un mestrado na UVigo (12,5%). A máis distancia áchase o perfil de ingreso cunha enxeñaría superior (5,5%), unha enxeñaría superior xunto cun mestrado universitario na UVigo (4,8%), unha licenciatura na UVigo e un mestrado noutra universidade (3,8%), un grao e un mestrado na UVigo (3,2%) e un mestrado na UVigo e unha licenciatura noutra universidade (3,0%).

2.4.2 Itinerarios académicos das persoas tituladas en doutoramento procedentes doutras universidades

O perfil máis frecuente das persoas con formación de pre-doutoramento total noutra(s) universidade(s) foi a realización dunha licenciatura e un mestrado (38,9%) seguido, a máis distancia, por unha licenciatura (25,9%) e un grao e mestrado (14,8%).

Cadro 3. Itinerarios académicos das persoas tituladas procedentes doutras universidades

	%
Licenciatura e mestrado	38,9
Licenciatura	25,9
Grao e mestrado	14,8
Enxeñaría superior	9,3
Grao	5,6
Mestrado universitario	3,7
Enxeñaría superior e mestrado	1,9

³ Graos, licenciaturas, enxeñarías superiores, mestrados universitarios, diplomaturas e enxeñarías técnicas.


3. SITUACIÓN DO MERCADO DE TRABALLO

Este apartado aborda a situación das persoas tituladas en doutoramento da UVigo entre 1995 e 2020 no tocante ao mercado de traballo: emprego⁴ (taxa de ocupación), desemprego⁵ (taxa de desemprego) e inactividade⁶.

3.1 Situación do mercado de traballo a nivel global e por xénero

A inmensa maioría de doutores/as da UVigo (95,0%) traballa, o 3,6% están desempregados e o 1,4% en situación de inactividade, sen diferenzas estatisticamente significativas por xénero.


Figura 9. Situación do mercado de traballo



3.2 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia

Se ben que non existen diferenzas estatisticamente significativas na situación de emprego das persoas tituladas en doutoramento da UVigo residentes nas tres áreas xeográficas avaliadas, entre os residentes en Galicia é levemente máis baixa a taxa de ocupación (95,1% contra o 96,1% no estranxeiro e noutras comunidades autónomas) e máis alta a de desemprego (3,4%).

Figura 10. Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia



3.3 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento

A taxa de ocupación é total entre as persoas tituladas en estudos de doutoramento da rama de Ciencias da Saúde, superando o 85% no resto das ramas: Tecnolóxica (99,1%), Xurídico-Social (95,6%), Científica (94,0%) e de Artes e Humanidades (88,5%).

O desemprego é nulo entre os doutorados/as das ramas de Ciencias da Saúde e Tecnolóxica, rexistrando unha taxa de desemprego de 7,7% en Artes e Humanidades, 4,6% na Científica e 3,5% na Xurídico-Social.


A inactividade oscila entre o máximo de 3,8% de Artes e Humanidades, 1,4% da Científica, 0,9% da Tecnolóxica e Xurídico-Social e a nula en Ciencias da Saúde.

⁴ Taxa de ocupación: Suma da porcentaxe de persoas tituladas que traballan por conta allea no sector público (66,1%) e empresa privada (23,0%), traballadores/as autónomos (5,0%) e empresarios/as ou titulares dunha empresa (1,0%).

⁵ Taxa de desemprego: Persoas tituladas en estudos de doutoramento desempregadas e que procuran emprego.

⁶ Taxa de inactividade: Suma da porcentaxe das persoas tituladas que preparan oposicións a tempo completo (0,8%), están xubiladas, pensionistas ou con invalidez (0,4%) e estudan a tempo completo (0,2%).

Figura 11. Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento




3.4 Situación do mercado de traballo segundo a promoción académica

3.4.1 Evolución quinquenal

A taxa de ocupación é total nas persoas tituladas entre 2001-2005, oscilando, logo a seguir, entre a máxima de 98,5% entre 2006-10 e a mínima de 91,3% no quinquenio máis recente, promoción en que a taxa de desemprego (6,5%) é significativamente superior á rexistrada entre 2006-10 (1,5%). As situacións de inactividade samente se dan nos quinquenios máis recentes.

Figura 12. Situación do mercado de traballo segundo a promoción académica




3.4.2 Evolución anual [\[Visualizar datos\]](#)

3.5 Situación do mercado de traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento

A situación de emprego é máis alta nas persoas tituladas consoante as normas do Real Decreto 778/1998 (98,5%) e Real Decreto 185/1985 (97,9%) que na normativa vixente (90,8%), as cales presentan a maior taxa de desemprego (6,3% contra a mínima de 1,0% do Real Decreto 778/1998) e de inactividade (2,8%).

Figura 13. Situación do mercado de traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento



3.6 Situación do mercado de traballo segundo o programa de doutoramento

[\[Visualizar datos\]](#)

A taxa de ocupación é total en 116 dos 134 programas oficiais de doutoramento avaliados neste estudo.


4. CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO

Esta parte avalía as características do posto de traballo das persoas tituladas en estudos de doutoramento entre 1995 e 2020 e, especificamente, no tocante ás variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación, rama de actividade e categoría profesional.

4.1 Lugar do traballo

A maioría das persoas tituladas en doutoramento da UVigo (64,6%) traballa en Galicia contra o 35,4% que o fai fóra da comunidade onde está localizada esta universidade, duplicando o emprego no estranxeiro (23,4%) a outras comunidades autónomas (11,9%). Por xénero é levemente superior o emprego fóra de Galicia masculino (37,9%) que o feminino (33,4%).

Figura 14. Lugar do traballo




- > Lugar do traballo en Galicia por provincias [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo en Galicia por concellos [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas por provincias [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo no resto do mundo por países [\[Visualizar datos\]](#)

4.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

Traballa fóra de Galicia metade de doutores/as en Ciencias da Saúde, o 40,8% da Científica (40,8%) e 32,7% da Tecnolóxica contra o mínimo da Xurídico-Social (29,4%) e Artes e Humanidades (29,8%).


Figura 15. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento



4.1.2 Lugar do traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento

O traballo en Galicia presenta unha tendencia continuamente descendente, partindo do máximo de 87,2% nos doutorados/as consoante o Real Decreto 185/1985 até o mínimo de 48,0% nas persoas tituladas ao abrigo da normativa vixente. Polo contrario, o traballo no estranxeiro mostra unha tendencia crecente, pasando de 8,5% nos doutorados/as consoante o Real Decreto 185/1985 ao máximo de 40,2% nas persoas tituladas segundo a normativa vixente.

Figura 16. Lugar do traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento



4.1.3 Lugar do traballo segundo o programa de doutoramento na UVigo [\[Visualizar datos\]](#)

Galicia é o lugar do traballo da totalidade de doutorados/as titulados en 64 dos 133 programas de doutoramento avaliados entre 1995 e 2020. Polo contrario, a emigración é total entre os titulados/as en 17 programas de doutoramento, superando o 75% noutros 7. O traballo no estranxeiro é total entre as persoas tituladas en 12 títulos e noutras comunidades autónomas noutros 4.

4.2 Modalidade de contratación

A inmensa maioría de doutorados/as da UVigo (93,8%) traballa por conta allea⁷ contra o 6,3% por conta propia⁸, sen diferenzas significativas por xénero.

Figura 17. Modalidade de contratación




4.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo

A modalidade de contratación por conta propia é máis frecuente nos doutores/as que traballan noutras comunidades autónomas (8,8%) e en Galicia (7,1%) que no estranxeiro (1,8%).

⁷ Taxa de asalariación: Persoas tituladas en doutoramento que traballan como asalariados para outra persoa, empresa ou institución.

⁸ Taxa de emprendemento: Persoas tituladas en doutoramento que traballan no réxime especial de traballadores autónomos ou como empresarios/as (titulares dunha empresa).

Figura 18. Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo



4.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento

É significativa a maior frecuencia do emprego por conta propia entre os doutores/as das ramas de Artes e Humanidades (13,0%) e Xurídico-Social (11,9%) contra a nula en Ciencias da Saúde, 2,5% na Científica e 5,3% na Tecnolóxica.


Figura 19. Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento



4.2.3 Modalidade de contratación segundo a regulación dos estudos de doutoramento

O traballo por conta propia é máis frecuente na regulación actualmente vixente (9,4%), decrecendo progresivamente nas normativas precedentes até alcanzar o mínimo de 2,1% nos doutorados/as consoante o Real Decreto 185/1985.

Figura 20. Modalidade de contratación segundo a regulación dos estudos de doutoramento




4.2.4 Modalidade de contratación segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

O réxime de traballo por conta propia está presente en 24 dos 134 programas de doutoramento avaliados, abranxendo a totalidade da mostra obtida en 2 e metade noutros 4 títulos.

4.3 Rama de actividade

A maioría de persoas tituladas en doutoramento traballa no ámbito público (70,1%), seguida, a máis distancia, pola empresa privada (22,4%) e entidades non lucrativas (7,5%).


Figura 21. Rama de actividade



4.3.1 Rama de actividade segundo o lugar do traballo

O traballo no ámbito público, aínda que maioritario nas tres áreas xeográficas avaliadas, é máis frecuente en Galicia (71,8%) e no estranxeiro (68,8%) que noutras comunidades autónomas (63,2%), onde é máis frecuente o emprego na empresa privada (31,6%). O emprego en entidades non lucrativas é máis alto en Galicia (8,1%) e no estranxeiro (7,1%) que noutras comunidades autónomas (5,3%).


Figura 22. Rama de actividade segundo o lugar do traballo



4.3.2 Rama de actividade segundo a rama de coñecemento

O ámbito público é maioritario en todas as ramas académicas, oscilando entre o máximo de 75,0% en Ciencias da Saúde, 71,6% na Científica e 70,6% na Xurídico-Social, ao mínimo da Tecnolóxica (67,3%) e Artes e Humanidades (68,1%). O emprego na empresa privada é máis frecuente nos ámbitos de Artes e Humanidades (27,7%) e Tecnolóxico (26,5%) contra o nulo en Ciencias da Saúde (0,0%), onde é significativo o peso das entidades non lucrativas (25,0%).


Figura 23. Rama de actividade segundo a rama de coñecemento



4.3.3 Rama de actividade segundo a regulación dos estudos de doutoramento

O emprego no ámbito público é máis frecuente nos doutorados/as consoante a regulación máis antiga (87,2% baixo o Real Decreto 185/1985), decaendo progresivamente até atinxir o mínimo de 61,4% baixo a normativa vixente e 61,8% segundo o Real Decreto 1393/2007. Polo contrario, o traballo na empresa privada presenta unha evolución inversamente proporcional á antigüidade da vixencia da regulación dos estudos de doutoramento (máximo de 32,3% consoante o Real Decreto 99/2011 e mínimo de 8,5% baixo o Real Decreto 185/1985).

Figura 24. Rama de actividade segundo a regulación dos estudos de doutoramento



4.3.4 Rama de actividade segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)


O emprego no ámbito público é total en 69 dos 134 programas oficiais de doutoramento avaliados, superando o 80% noutros 5. Polo contrario, o emprego na empresa privada atinxe a totalidade de doutorados/as en 16 programas de doutoramento, superando o 66,7% noutros 5. As entidades non lucrativas empregan á totalidade de doutorados/as en 2 títulos.

4.4. Categoría profesional

O 99,4% das persoas tituladas en doutoramento da UVigo desenvolve funcións de nivel universitario no seu posto de traballo⁹ (99,1% de homes e 99,6% de mulleres), con predominio das categorías de técnicos/as cualificados/as (75,2%) sobre mandos intermedios (18,2%) e directivos/as (6,1%).

Por xéneros, a porcentaxe de homes que desenvolven funcións directivas (8,5%) duplica á de mulleres (4,1%), o que se traduce na maior presenza de mulleres a traballaren como técnicas cualificadas (77,2% contra 72,5% de homes). Non existen diferenzas significativas na proporción de mandos intermedios.

Figura 25. Categoría profesional




4.4.1 Categoría profesional segundo o lugar do traballo

Existen máis directivos entre as persoas que traballan en Galicia (7,1%) que noutras comunidades autónomas (3,5%) e no resto do mundo (4,5%), sendo máis frecuente a categoría de mandos intermedios noutras comunidades autónomas (21,1%) que en Galicia (17,8%) e estranxeiro (17,9%). Sen diferenzas significativas, os técnicos/as cualificados/as predominan nas

⁹ Categoría profesional de directivos/as, mandos intermedios e técnicos/as cualificados/as.

áreas xeográficas avaliadas, oscilando do mínimo en Galicia (74,1%) ao máximo no estranxeiro (77,7%). A existencia de empregos non cualificados redúcese ao 1,0% rexistrado en Galicia.

Figura 26. Categoría profesional segundo o lugar do traballo




4.4.2 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento

A totalidade de doutores/as da UVigo, salvo unha pequena parcela dos ámbitos académicos de Artes e Humanidades (4,3%) e Xurídico-Social (0,9%), desenvolven funcións profesionais consoante categorías propias de titulados universitarios.

A maioría de persoas tituladas, nunha proporción que vai do 80,9% en Artes e Humanidades ao 50,0% en Ciencias da Saúde traballan como técnicos/as cualificados/as. É significativa a proporción de directivos/as na rama Tecnolóxica (10,6%), Xurídico-Social (8,3%) e Artes e Humanidades (6,4%) contra a nula en Ciencias da Saúde e 2,5% da Científica. Metade de doutores/as en Ciencias da Saúde exercen funcións de mandos intermedios, ben como unha parte significativa da Científica (21,3%), Tecnolóxica (16,8%) e Xurídico-Social (15,6%) contra a mínima en Artes e Humanidades (8,5%).


Figura 27. Categoría profesional segundo a rama de coñecemento



4.4.3 Categoría profesional segundo a regulación dos estudos de doutoramento

A presenza de doutorados/as con funcións directivas é máis frecuente baixo a regulación máis antiga, o RD 185/1985 (17,0%), contra a mínima de 1,8% de titulados/as segundo o RD 1393/2007.

Figura 28. Categoría profesional segundo a regulación dos estudos de doutoramento



4.4.4 Categoría profesional segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

A categoría de técnico/a cualificado/a ocupa a totalidade de doutores/as en 66 dos 133 programas de doutoramento avaliados. As funcións directivas son exercidas pola totalidade de doutorados/as en 6 programas de doutoramento. En 14 programas de doutoramento a totalidade da mostra avaliada exerce funcións profesionais de mando intermedio, ben como a maioría noutros 4. A presenza de doutores/as con funcións non concordantes co seu nivel formativo afecta somente a 3 dos programas avaliados.


5. VALORACIÓN DO EMPREGO

Valoración do posto de traballo das persoas tituladas en función da súa adecuación temática a respecto dos estudos realizados e da relación existente entre as exixencias profesionais do seu emprego e o nivel académico adquirido na UVigo.

5.1 Relación entre o traballo e os estudos realizados na UVigo

No 92,5% de casos o emprego está relacionado cos estudos realizados, para o 4,5% existe pouca relación e ningunha para o 2,9%.


Figura 29. Adecuación temática do posto de traballo



5.1.1 Relación entre o traballo e os estudos segundo a rama de coñecemento

A adecuación temática é maioritaria en todas as ramas académicas, oscilando do máximo de 93,3±0,2% na Científica, Artes e Humanidades e Tecnolóxica ao 85,7% en Ciencias da Saúde.


Figura 30. Adecuación temática do posto de traballo segundo a rama de coñecemento



5.1.2 Relación entre o traballo e os estudos segundo a regulación dos estudos de doutoramento

A adecuación temática é maior consoante as regulacións dos Reais Decretos 185/1985 (94,7%) e 778/1998 (93,9%) que nos Reais Decretos 1393/2007 (89,9%) e 99/2011 (90,6%).

Figura 31. Adecuación temática do posto de traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento



5.1.3 Relación entre o traballo e os estudos segundo o programa de doutoramento


[\[Visualizar datos\]](#)

A adecuación temática é total en 96 dos 114 títulos con datos dispoñíbeis sobre esta variábel, superando o 80% noutros 5.

5.2 Relación entre as exixencias do emprego e o nivel académico adquirido na UVigo

A sobrecualificación¹⁰ afecta ao 15,3% das persoas tituladas, triplicando a feminina (21,6%) á masculina (7,9%).


Figura 32. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo



5.2.1 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento

A sobrecualificación é máis frecuente nas ramas de Artes e Humanidades (33,3%), Xurídico-Social (17,8%), Científica (14,5%) e Ciencias da Saúde (14,3%) que na Tecnolóxica (6,8%).

Figura 33. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento




5.2.2 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a regulación dos estudos de doutoramento

A sobrecualificación presenta unha tendencia crecente desde o Real Decreto 185/1985 (2,6%) ao máximo de 23,2% consoante o RD 1393/2007, recuando para o 17,0% na normativa vixente.

¹⁰ Proporción de persoas tituladas que desenvolve un traballo con procuras e exixencias inferiores ao nivel académico adquirido nos estudos realizados.

Figura 34. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a regulación dos estudos de doutoramento



5.2.3 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

En 71 dos 114 programas de doutoramento con datos dispoñíbeis no Observatorio de Persoas Tituladas o emprego dos doutorados/as adecúase totalmente ao nivel académico adquirido na UVigo. A sobrecualificación é total en 11, alcanzando á maioría noutros 7 títulos.

BIBLIOGRAFÍA

[Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 1990-2015](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2018)

[Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-Decembro de 2020](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2021)

[Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2020)

[100 titulacións da Universidade de Vigo \(1990-2015\). Formación complementaria e especialización profesional das persoas tituladas](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2019)

[71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo \(1990-2015\). Evolución da oferta académica](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2017)

[Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2015)

[Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da UVigo. Promocións de 2008 e 2009](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2014)

[Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2006 e 2007](#) Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2013)

Análisis e informe sobre la evolución de la regulación jurídica de los títulos universitarios de doctor en la perspectiva académica y profesional J.J. Santamaría Conde, 11/2/2020

ANEXOS

Anexo 1: Distribución dos programas de doutoramento por rama de coñecemento

Artes e Humanidades

- A cidade dos espellos
- Artes Escénicas
- As Categorias do Escultórico
- Cara á arte: perfís da escultura
- Categorias do Escultórico
- Creación e Investigación en Arte Contemporánea
- Debuxo: coñecemento individual e colectivo
- Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas
- Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
- Estudos Lingüísticos
- Estudos Literarios
- Filoloxía Española
- Filoloxía Galega e Identidade Cultural
- Filoloxía Inglesa
- Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá
- Lingua e Sociedade da Información: a lingüística e as súas aplicacións
- Lingua inglesa e lingüística
- Lingua, literatura e pensamento: olladas desde o século XXI
- Lingüística e as súas Aplicacións
- Lingüística Galega
- Modos de coñecemento na práctica artística contemporánea
- O lugar actual do cadro: pensar a pintura
- Protección do Patrimonio Cultural
- Sociedade, poder e cultura na historia
- Tradución
- Tradución e Lingüística

Ciencias da Saúde

- Endocrinoloxía
- Neurociencia
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica

Científica

- Acuicultura
- Agrobioloxía, Usos Sustentábeis e Implicacións Ambientais
- Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento
- Biodiversidade e Ecosistemas
- Bioloxía dos Organismos e Ecosistemas
- Bioloxía Mariña e Acuicultura
- Biotecnoloxía Avanzada
- Calidade ambiental: recursos vexetais e edáficos
- Calidade, Seguridade e Tecnoloxía Alimentar
- Ciencia dos Alimentos
- Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar
- Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Ciencias do Ambiente e dos Alimentos: Aspectos Analíticos e Biotecnolóxicos
- Ciencias do Ambiente e dos Alimentos: Aspectos Analíticos e Toxicolóxicos
- Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático

- Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
- Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais
- Electroquímica: ciencia e tecnoloxía
- Estatística e Investigación Operativa
- Física Aplicada
- Metodoloxía e aplicacións en bioloxía fundamental
- Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida
- Oceanografía
- Oceanografía e Xeoloxía de Costas
- Patrimonio natural e procesos de degradación ambiental
- Química Analítica
- Química Analítica Aplicada ao Ambiente; Alimentos e Saúde
- Química Física
- Química Fundamental
- Química Teórica e Computacional
- Química Teórica e Modelización Computacional
- Química: fundamentos e aplicacións
- Recursos vexetais e edáficos
- Simulación e control de procesos químicos
- Xeoloxía mariña e ambiental

Tecnolóxica

- Análise de Sistemas Mecánicos, Enerxéticos e de Fluídos
- Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicións (SIGMA)
- Ciencia e Tecnoloxía de Materiais
- Deseño Mecánico e Materiais
- Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura
- Enxeñaría de automatización e informática
- Enxeñaría de automatización industrial e sistemas
- Enxeñaría de Deseño e Fabricación
- Enxeñaría de software baseada en compoñentes reutilizábeis, aplicacións en interfaces home-máquina
- Enxeñaría dos Recursos Naturais e do Ambiente
- Enxeñaría Electromagnética: fundamentos e aplicacións
- Enxeñaría Electrónica
- Enxeñaría Química
- Enxeñaría Telemática
- Enxeñaría Térmica
- Fotónica e Tecnoloxías do Láser
- Informática
- Informática Avanzada
- Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria
- Láser, Fotónica e Visión
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética
- Sistemas de Software Intelixentes e Adaptábeis
- Tecnoloxía Ambiental
- Tecnoloxía das Comunicacións
- Tecnoloxía Eléctrica
- Tecnoloxía Eléctrica e Enxeñaría Electrónica
- Tecnoloxías Avanzadas para o Desenvolvemento de Software Intelixente
- Tecnoloxías da Información e as Comunicacións
- Tecnoloxías das Comunicacións
- Teoría do Sinal e Comunicacións
- Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria

Xurídico-Social

- A calidade educativa en tempos de cambio
- A investigación financeiro-contábel no novo escenario europeo
- Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente
- Análise Económica e Estratexia Empresarial
- Ciencias da Educación e do Comportamento
- Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudábel
- Comunicación
- Comunicación, Publicidade e Relacións Públicas
- Cuestións Actuais en Administración e Dirección de Empresas
- Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos
- Dirección e Planificación do Turismo
- Economía
- Economía Aplicada
- Economía Industrial
- Educación, Deporte e Saúde
- Equidade e Innovación en Educación
- Equidade e Innovación en Educación
- Intervención Psicopedagóxica en procesos escolares
- Intervención Psicosocioeducativa en Educación Secundaria: cara a unha proposta de calidade
- Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde
- Investigación en Comunicación
- Investigación en Didácticas Especiais e Educación Física e Deportiva
- Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares
- Investigacións en Didácticas Especiais
- Liñas de Investigación no ámbito Financeiro-Contábel
- Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social
- Novas liñas de investigación en dereito público
- O dereito público ante os recentes cambios normativos
- Ordenación Xurídica do Mercado
- Problemas actuais da ciencia xurídica
- Problemas actuais do dereito de empresa
- Problemática actual das relacións e institucións de dereito privado
- Proceso de converxencia internacional no ámbito financeiro-contábel
- Publicidade, Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual
- Xestión da comunicación: relacións públicas, información e publicidade
- Xestión e Dirección de Empresas
- Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica


Anexo 2: Índice de cadros e figuras

Índice de cadros

Cadro 1. Tamaño da poboación e mostra avaliada (números absolutos)	5
Cadro 2. Tamaño da poboación e mostra avaliada (porcentaxes)	5
Cadro 3. Itinerarios académicos das persoas tituladas procedentes doutras universidades	9

Índice de figuras

Figura 1. Xénero das persoas tituladas en estudos de doutoramento	6
Figura 2. Lugar de residencia	6
Figura 3. Rama de coñecemento	7
Figura 4. Rama de coñecemento segundo o xénero	7
Figura 5. Normativa de referencia	7
Figura 6. Rama de coñecemento segundo a regulación dos estudos de doutoramento	8
Figura 7. Universidade de procedencia	8
Figura 8. Localización da universidade de referencia	8
Figura 9. Situación do mercado de traballo	10
Figura 10. Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia	10
Figura 11. Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento	11
Figura 12. Situación do mercado de traballo segundo a promoción académica	11
Figura 13. Situación do mercado de traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	11
Figura 14. Lugar do traballo	12
Figura 15. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento	12
Figura 16. Lugar do traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	13
Figura 17. Modalidade de contratación	13
Figura 18. Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo	14
Figura 19. Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento	14
Figura 20. Modalidade de contratación segundo a regulación dos estudos de doutoramento	14
Figura 21. Rama de actividade	15
Figura 22. Rama de actividade segundo o lugar do traballo	15
Figura 23. Rama de actividade segundo a rama de coñecemento	15
Figura 24. Rama de actividade segundo a regulación dos estudos de doutoramento	16
Figura 25. Categoría profesional	16
Figura 26. Categoría profesional segundo o lugar do traballo	17
Figura 27. Categoría profesional segundo a rama de coñecemento	17
Figura 28. Categoría profesional segundo a regulación dos estudos de doutoramento	17
Figura 29. Adecuación temática do posto de traballo	19
Figura 30. Adecuación temática do posto de traballo segundo a rama de coñecemento	19
Figura 31. Adecuación temática do posto de traballo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	19
Figura 32. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo	20
Figura 33. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento	20
Figura 34. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a regulación dos estudos de doutoramento	21



Consello Social
Universidade de Vigo

observatorio.uvigo.gal